

# CIBERVIAXES

## ITINERARIO PAIS VASCO FRANCES

## AMIGOS DOS MUSEOS DE GALICIA

DO 04 AO 12 SETEMBRO 2023

### DIA 04 SETEMBRO: CORUÑA-SAN SEBASTIAN

Recollida no Obelisco para saír en dirección a Donostia. Percorreremos camiño ata chegar a Burgos onde se realizará o **xantar** e faremos unha visita da cidade que destaca pola súa arquitectura medieval. Seguiremos camiño ata o noso hotel en San Sebastián, distribución de cuartos. Aloxamento.

### DIA 05 SETEMBRO: BILBAO

**Almorzo.** Saída a primeira hora da mañá para ir a Bilbao. Visita con guía local da cidade, vendo o Ensanche, a Basílica de Begoña, a Alhóndiga, o Casco Vello, o teatro Arriaga... etc, **Xantar** en restaurante. Pola tarde visita do Museo Guggenheim. Ao finalizar regreso a San Sebastián. Aloxamento.

### DIA 06 SETEMBRO: PORTUGALETE-GEXTO-BILBAO

**Almorzo.** Volveremos a Vizcaya para ver o contorno da ría do Nervión, en concreto a súa desembocadura. As 2 marxes da ría forman parte da historia de Vizcaya: a marxe esquerda, a mineira, traballadora... e a dereita, burguesa e empresarial... Para entender a historia de Vizcaya e Euskadi, é fundamental. Veremos e pasaremos pola Ponte colgante ou transbordador, ao finalizar a visita nos trasladaremos ao restaurante onde terá lugar o **xantar**. Pola tarde visita do Museo de Belas Artes, pola ampliación, baixo proxecto de Norman Foster, esta só aberto o edificio antigo do Museo. Ao finalizar a visita, traslado á cidade de San Sebastián. Aloxamento.

### DIA 07 SETEMBRO: SAN SEBASTIAN

**Almorzo.** Visita guiada de San Sebastián, incluíndo o Peite do Vento (esculturas de Eduardo Chillida inseridas nas rochas), xardíns do Pazo de Miramar, con subida ao Monte Igueldo para desfrutar dunha panorámica marabillosa da cidade, baixaremos e remataremos a nosa visita de mañá no Museo de San Telmo, é o museo municipal da cidade de San Sebastián, consagrado a ilustrar a evolución da sociedade vasca, maiormente mediante pezas de etnografía e Belas Artes. **Xantar.** Despois de comer contemplaremos a visita cun percorrido cultural pola parte vella da cidade, a zona do río Urumea e a área romántica. Aloxamento.

### DIA 08 SETEMBRO: MUSEO OTEIZA-PAMPLONA

**Almorzo.** Pola mañá, saída cara ao Museo de Jorge Oteiza, en Alzuza, a uns 10kms de Pamplona. O museo recolle o sentir onde Jorge Oteiza explica o sentido da escultura, as claves

# CIBERVIAXES

da súa creación poética, a súa concepción do ser estético e as súas aproximacións ás raíces do euskara preindoeuropeo. **Xantar** e visita de Pamplona, faremos unha ruta polo casco vello da cidade, onde o guía tamén nos falará da ruta do camiño de Santiago por esta cidade. Regreso a San Sebastián. Aloxamento.

## DIA 09 SETEMBRO: CHILLIDA LEKU-PASAI DONIBANE-HONDARRIBIA

**Almorzo.** Pola mañá saída coa nosa guía cara ao Chillida Leku, visita dun dos museos máis orixinais de Euskadi, en homenaxe ao escultor guipuscoano, arquitecto de formación, precursor do traballo con materiais extraídos da terra, como o ferro, o granito ou madeira, entre outros. Seguiremos camiño a Pasai Donibane, un dos 4 distritos de pasaxes, porto pesqueiro e comercial de Guipúscoa, a través do percorrido, da súa única rúa, paralela ao mar, poderemos ver e falar dun dos pobos máis pintorescos do territorio histórico guipuscoano.

**Xantar** en restaurante e pola tarde visita de Hondarribia, vila fronteiriza das máis bonitas de Euskadi, admiraremos a súa estupenda muralla do s. XVII, cos seus baluartes e as súas empedradas rúas, así como o pazo de Carlos V e o barrio de pescadores, “La Marina”. Regreso ao hotel de San Sebastián. Aloxamento.

## DIA 10 SETEMBRO: SAN JUAN DE LUZ -BIARRITZ- BAYONA

**Almorzo.** Saída cara a San Juan de Luz, vendo esta poboación mariñeira, co súa orixinal igrexa de San Juan, o Malecón, a súa pintoresca praza Luis XIV e as súas rúas. Breve tempo libre e saída cara a Biarritz, diferente á anterior, máis cosmopolita e señorial, veremos o seu Hotel du Palais, antiga casa de Eugenia de Montijo, o faro, a igrexa de Santa Eugenia, o porto vello, a rocha da Virxe, así como a súa famosa praia... **xantar** e pola tarde visita de Bayona cidade do País Vasco francés, na confluencia dos ríos Nive e Adur, no suroeste de Francia. Pasearemos polas súas estreitas rúas medievais que caracterizan o barrio antigo de Grand Bayonne, onde se atopa a catedral gótica de Bayona, cun claustro do século XIII, e o castelo de Château-Vieux, pasaremos ao outro lado do río Nive, para ver o barrio de Petit Bayonne. Regreso ao noso hotel de San Sebastián. Aloxamento.

## DIA 11 SETEMBRO: BERA DE BIDASOA-SARE-ZUGARRAMURDI

**Almorzo.** A vila de Bera atópase emprazada no val formado polo río Bidasoa e a regata Zía, e comunicada con Francia a través dos pasos fronteirizos de Ibardin e Lizuniaga, na comarca de “Cinco Villas” ou “Bortziriak”. Trátase dun pobo elegante disgregado arredor de dous eixos principais: un dominado pola igrexa de San Esteban, que nas súas orixes foi unha casa-torre gótica e outro arredor do pintoresco barrio de Alzate, con harmoniosas casas moi coidadas. A rúa Legia, que une os dous núcleos de poboación, regala ao visitante a estampa da única casa gótica da localidade. Un percorrido polas rúas deste municipio nos descubre unha fermosa colección de casas nobres ou pazos. Nalgunhas habitaron familias ilustres como na casa Itzea dos Baroja. Logo iremos ata Sare, localidade e comuna francesa situada no departamento de Perineos Atlánticos, na rexión de Nova Aquitania, pertence ao territorio histórico vascofrancés

# CIBERVIAXES

de Labort. **Xantar** e visita de Zugarramurdi (cova), a historia da bruxería e a mitoloxía vasca é recorrente en todo o territorio. Traslado ao noso hotel en San Sebastián. Aloxamento.

## DIA 12 SETEMBRO: SAN SEBASTIAN-LAREDO-CASTRO URDIALES-CORUÑA

**Almorzo** no hotel e xa de regreso visitaremos Laredo e Castro Urdiales, poboacións históricas do oriente cántabro, ambas as espectaculares. **Xantar** e regreso a nosa cidade de orixe.

**FIN DA VIAXE E DOS NOSOS SERVIZOS**

**MÁIS INFORMACIÓN E PREINSCRIPCIÓN EN: [CIBERVIAXES](#)**

**Federico Tapia, 41 (A Coruña) - Telf.: 981 21 66 00**